

ACCIÓN dVerán'2017




EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

www.dunagroup.es



INTRODUCCIÓN

A campaña de verán que a Consellería de Política Social pon en marcha para o ano 2017, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, inclúe oportunidades de participación para todos aqueles mozos e mozas que xa tedes cumpridos os 18 anos e que non chegades aos 30 mediante o programa Conecta con Galicia.

RESERVA DE PRAZAS

A reserva podédelas facer por teléfono, a partir do 18 de abril, nos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social de Lugo e Ourense.

Unha vez que fagades a reserva da praza, teredes un prazo de 48 horas, que contará dende o día seguinte a aquel no que fixerades a reserva, para:

- Facer efectiva a cota de participación, se-

gundo as instrucións que se comunicarán no momento de facer a reserva da praza.

- Presentar no servizo de Xuventude e Voluntariado correspondente, ou por correo electrónico ou no fax específico de cada actividade, a seguinte documentación:

- Xustificante do pagamento da cota.

- Fotocopia do DNI por ambas as dúas caras (unicamente se non autorizas esta consellería a consultar os teus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve).

- Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.

- Xustificante da condición de familia numerosa.

- Ficha informativa cuberta.

De non presentardes a documentación no prazo de 48 horas, perderedes o dereito á praza.



PREZO

O prezo da actividade inclúe a estancia e a manutención. Non inclúe o desprazamento ata a instalación correspondente, que correrá pola vosa conta.

As persoas que posuades o Carné xove teredes un desconto do 25% sobre os prezos establecidos neste folleto. Para poder aplicar este desconto, debes ter o Carné xove vixente no momento de efectuar o pagamento.

Así mesmo, as persoas que posuades o título de familia numerosa teredes un desconto do 25%. Ambos os descontos non son acumulables.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Só se devolverá a cota de participación no caso de que se suspenda a actividade.

CONECTA CON GALICIA

Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos/as e da Galicia exterior, coa finalidade de lles dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que eles/as sexan os protagonistas.



ACTIVIDADES DA PRIMEIRA QUENDA

Cultura e camiño. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Lugo. Perco-
rrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés), ata Compostela.

O mar de Galicia. Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas
co mar.

Aloxamento:

Días 1.º ao 6.º : Campamento Xuvenil LUG II (Lugo)

Días 7.º ao 12.º : Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)

CÓDIGOS	QUENDAS	COTA	CARNÉ XOVE/FAMILIA NUMEROSA
271001	1-12 xullo	50 €	37,50 €

TELÉFONOS: 982 294 923

FAX: 982 294 339

CORREO: xuventudelugo@xunta.es



ACTIVIDADES DA SEGUNDA QUENDA

Cultura e camiño. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Ourense. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata ou Sanabrés), ata Compostela. O mar de Galicia. Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

Aloxamento:

Días 1.º ao 6.º : Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)


Días 7.º ao 12.º : Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)

CÓDIGOS	QUENDAS	COTA	CARNÉ XOVE/FAMILIA NUMEROSA
321001	15-26 xullo	50 €	37,50 €

TELÉFONOS: 988 386116 988 386113 988 386120

FAX: 988 386 119

CORREO: servizo.xuventude.ourense@xunta.es



galicia

LUGO

Xefatura Territorial de Lugo

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Rolda da Muralla, 70
27002 Lugo

Teléfonos: 982 294 923

Fax: 982 294 339

OURENSE

Xefatura Territorial de Ourense

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Avda. da Habana, 81, baixo
32004 Ourense

Teléfonos: 988 386 113

988 386 116 - 988 386 120

Fax: 988 386 119



**XUNTA
DE GALICIA**